Fundación EUGENIO GRANELL

# ***CONTAS ANUAIS ABREVIADAS***

# ***DA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL***

# ***DO EXERCICIO 2023***

1.-BALANCE ABREVIADO

2.-CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA

3.-MEMORIA ABREVIADA

# 1.-BALANCE ABREVIADO

**BALANCE ABREVIADO AO PECHE DO EXERCICIO 2023**

| ACTIVO | NOTAS Á MEMORIA | 2023 | 2022* |
|---|---|---|---|
| **A) ACTIVO NON CORRENTE** | | **15.552.479,82** | **15.555.732,56** |
| I. Inmobilizado intanxíbel | (Nota 6) | 1.661,48 | 2.206,22 |
| III. Inmobilizado material | (Nota 5) | 15.550.818,34 | 15.553.526,34 |
| **B) ACTIVO CORRENTE** | | **180.248,07** | **163.634,98** |
| I. Existencias | (Nota 4.f) | 116.000,46 | 117.378,28 |
| II. Usuarios e outros debedores da actividade propia | (Notas 7a e 8) | 40.300,00 | 26.000,00 |
| III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar | (Notas 7a e 10) | 0,00 | 5,81 |
| VI. Periodificacións a curto prazo | (Nota 16) | 6.301,42 | 6.516,43 |
| VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes | (Nota 16) | 17.646,19 | 13.734,46 |
| **TOTAL ACTIVO (A + B)** | | **15.732.727,89** | **15.719.367,54** |

| PATRIMONIO NETO E PASIVO | NOTAS Á MEMORIA | 2023 | 2022* |
|---|---|---|---|
| **A) PATRIMONIO NETO** | | **15.661.011,31** | **15.677.433,03** |
| **A-1) Fondos propios** | (Nota 9) | **130.612,10** | **145.548,08** |
| **I. Dotación fundacional/Fondo Social** | (Nota9) | **6.010,12** | **6.010,12** |
| 1. Dotación fundacional/Fondo social | | 6.010,12 | 6.010,12 |
| **II. Reservas** | (Nota 9) | **110.086,81** | **110.086,81** |
| **III. Excedente de exercicios anteriores** | (Nota 9) | **29.451,15** | **29.786,54** |
| **IV. Excedente do exercicio** | (Nota 3) | **-14.935,98** | **-335,39** |
| **A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos** | (Nota 12) | **15.530.399,21** | **15.531.884,95** |
| **B) PASIVO NON CORRENTE** | | **0,00** | **100,00** |
| **II. Débedas a longo prazo** | | **0,00** | **100,00** |
| 3. Outras débedas a curto prazo | (Nota 7b e 13.3) | 0,00 | 100,00 |
| **C) PASIVO CORRENTE** | | **71.716,58** | **41.834,51** |
| **II. Débedas a curto prazo** | | **22.552,29** | **25.399,61** |
| 1. Débedas con entidades de crédito | (Nota 7b e 13.3) | 22.427,29 | 25.099,61 |
| 3. Outras débedas a curto prazo | (Nota 7b) | 125,00 | 300,00 |
| **V. Acredores comerciais y Outras contas a pagar** | | **30.364,29** | **16.434,90** |
| 1. Provedores | (Nota 7b) | 0,00 | 255,31 |
| 2. Outros Acredores | (Nota 7b e 10) | 30.364,29 | 16.179,59 |
| **VII. Periodificaciones a C/P** | | **18.800,00** | **0,00** |
| **TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)** | | **15.732.727,89** | **15.719.367,54** |

As notas 1 a 18 descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do balance ao 31-12-2023
* Cifras a 31 de decembro de 2022 reexpresadas ver nota 2.h).

# 2.-CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA

### CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023

| | NOTAS Á MEMORIA | (Debe)/Haber 2023 | (Debe)/Haber 2022 |
|---|---|---|---|
| **A) OPERACIÓNS CONTINUADAS** | | | |
| **1. Ingresos da entidade pola actividade propia** | (Nota 11.2) | **299.875,20** | **301.424,01** |
| a) Cotas de asociados e afiliados | | 705,20 | 980,00 |
| c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións | | 1.800,00 | 4.791,00 |
| d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao resultado do exercicio | (Nota 8 e 11.2) | 297.370,00 | 295.653,01 |
| **2. Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil** | (Nota 10 e 11.2) | **1.909,74** | **2.543,42** |
| **6. Aprovisionamentos*** | (Nota 11.1) | **-1.481,82** | **-1.237,60** |
| **7. Outros ingresos da actividade** | (Nota 13) | **3.134,34** | **4.194,07** |
| **8. Gastos de persoal*** | (Nota 11.1) | **-249.592,67** | **-230.736,58** |
| **9. Outros gastos da actividade*** | (Nota 11.1) | **-66.630,59** | **-73.111,38** |
| **10. Amortización do inmobilizado*** | (Notas 5 e 6) | **-3.377,53** | **-3.410,26** |
| **11. Subv., doazóns e legados de capital trasp. ao excedente do exerc.** | (Notas 11.2 e 12) | **1.485,74** | **1.267,09** |
| **14. Outros resultados** | (Nota 13) | **-96,60** | **2.412,13** |
| **A.1) EXCEDENTE DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14)** | | **-14.774,19** | **3.344,90** |
| **16. Ingresos financeiros** | (Nota 13) | **0,00** | **0,00** |
| **17. Gastos financeiros*** | (Nota 13) | **-161,79** | **-3.680,29** |
| **A.2) EXCEDENTE OPERACIÓNS FINANCEIRAS (15+16+17+18+19)** | | **-161,79** | **-3.680,29** |
| **A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)** | | **-14.935,98** | **-335,39** |
| **20. Impostos sobre beneficios**** | (Nota 4i e 10) | **0,00** | **0,00** |
| **A.4) Variación de patrimonio neto recoñecida no resultado do exercicio (A.3+17+20)** | (Nota 3) | **-14.935,98** | **-335,39** |
| **B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE Ó PATRIMONIO NETO** | | | |
| **1. Subvencións recibidas** | | **0,00** | **2.826,86** |
| **2. Doazóns e legados recibidos** | | **0,00** | **0,00** |
| **B.1) Variac. de PN por ingresos e gastos recoñecidos directamente no Patrimonio Neto (1 ó 5)** | | **0,00** | **2.826,86** |
| **C) RECLASIFICACIÓN Ó EXCEDENTE DO EXERCICIO** | | | |
| **1. Subvencións recibidas** | | **-1.485,74** | **-1.267,09** |
| **2. Doazóns e legados recibidos** | | **0,00** | **0,00** |
| **C.1) 1. Subvencións recibidas Variación de PN por reclasificación ó excedente do exerc. (1 ó 5)** | | **-1.485,74** | **-1.267,09** |
| **D) VARIAC. DE PN POR INGRESO E GASTOS IMPUT. DIRECT. Ó PN (B.1+C.1)** | | **-1.485,74** | **1.559,77** |
| **F) AXUSTES POR ERROS** | | **928.980,00** | **0,00** |
| **I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)** | | **912.558,28** | **1.224,38** |

** O seu signo pode ser positivo ou negativo

As notas 1 a 18 descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do balance ao 31-12-2023

# 3.-MEMORIA ABREVIADA

## 1.-Actividade da Fundación

Os datos da entidade obxecto desta memoria son:

| | |
|---|---|
| CIF: | G-15520422 |
| Denominación: | FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL |
| Domicilio: | PRAZA DO TOURAL – PAZO DE BENDAÑA |
| Código Postal: | 15705 |
| Municipio: | SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| Provincia: | A CORUÑA |

A Fundación Eugenio Granell foi constituída en Santiago de Compostela mediante escritura pública con data do 21 de Abril de 1995, por D. Eugenio Fernández Granell e polo Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela. Constitúese como unha fundación cultural privada, de interese galego, con fins non lucrativos, ao abeiro da Lei 7/1983 de 22 de Xuño, da Comunidade Autónoma Galega, modificada pola Lei 11/1991 de 8 de Novembro. A Orde da Consellaría de Presidencia e Administración Pública do 17 de Xuño de 1997, cualifica de interese cultural a Fundación Eugenio Granell, adscribíndoa á Consellería de Cultura e Turismo, que exercerá plenamente o Protectorado sobre ela. Finalmente, por Orde do 9 de Xulio de 1997 declárase de interese galego.

A Fundación figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co número 1996/22.

Por outra parte, o Padroado aprobou na reunión do 30 de abril de 2018 a modificación dos estatutos da Fundación Eugenio Granell para a súa adaptación á Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego. Estas modificacións estatutarias formalizáronse en escritura pública o 23 de maio de 2018 e inscribíronse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego o 13 de xuño de 2018.

A Fundación constitúese con carácter privado e permanente, podendo declararse a súa extinción por decisión maioritaria do Padroado.

Son fins primordiais da Fundación os seguintes:

1. A creación e mantemento do Museo Eugenio Granell na cidade de Santiago de Compostela.
2. O fomento do estudo e difusión do conxunto da obra de creación de Eugenio Granell.
3. O fomento da investigación, o estudo e a difusión de todas as manifestacións artísticas do movemento surrealista e outras correntes afíns.
4. O fomento, a investigación e o estudo de manifestacións artísticas étnicas.
5. A promoción e a participación no fomento e difusión de calquera outra manifestación cultural.

Dado o carácter cultural e didáctico da Fundación, esta orientará as súas actividades ao conxunto da sociedade.

A Entidade non participa en ningunha outra sociedade, nin ten relación algunha con outras entidades coas cales se poida estabelecer unha relación de grupo ou asociada de acordo cos requisitos establecidos no Art. 42 do Código de Comercio e nas normas 11ª e 13ª da Terceira Parte do Real Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos.

Segundo o disposto na disposición adicional cuarta da Lei 12/2006, de 1 de Decembro, de Fundacións de Interese Galego, seranlles aplicables ás fundacións reguladas na citada lei, as normas de

adaptación do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen ánimo de lucro e as normas de elaboración do plan de actuación das devanditas entidades. Asómesmo, no seu artigo 36.2. indícase que o Padroado da Fundación elaborará, en referencia exercicio económico anterior, as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria. Os documentos referidos ás contas anuais haberán de elaborarse seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

Para facilitar a realización dos fins fundacionais e axilizar o funcionamento da fundación, o padroado da Fundación designou unha comisión executiva. Segundo o artigo 28.4 dos estatutos da Fundación, a Comisión Executiva elaborará o plan de actuación, as contas anuais, o programa anual de actividades e a memoria explicativa das actividades que realizou a fundación durante o exercicio precedente, que lle presentará ao padroado para a súa aprobación.

A Fundación non está obrigada a auditar as contas anuais do exercicio 2023, nin o estivo no exercicio anterior.

Outra información relevante

A Fundación realiza a súa actividade no Pazo de Bendaña, sito na Praza do Toural da cidade de Santiago de Compostela. Este local foi aportado polo Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela, en réxime de usufruto, para o Museo Eugenio Granell, dando así cumprimento ó establecido no artigo nº 8 dos estatutos da Fundación, en virtude do acordo do Pleno da Corporación de data 29 de marzo de 1996 que aprobou ceder temporalmente o uso de unha parte do citado Pazo. En sesión ordinaria do día 4 de decembro de 1998 o Pleno da Corporación acordou elevar a definitiva a cesión de uso temporal da parte do Pazo de Bendaña concedida a Fundación E. Granell. No citado acordo indícase que a cesión de uso é gratuíta, dado que o ente local conserva a súa propiedade pero non pode cobrar renda algunha, sen embargo non se fai referencia ó prazo de duración da cesión, polo que pode considerarse por tempo indeterminado ou indefinido.

## 2.-Bases de presentación das contas anuais:

### a) Imaxe fiel

As Contas Anuais abreviadas do exercicio 2023 adxuntas foron formuladas pola Comisión Executiva da Fundación Eugenio Granell, a partir dos rexistros contábeis da Entidade ó 31 de decembro de 2023 e nelas aplicáronse os principios contábeis e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo do plan de actuación das entidades sen fins de lucro, as Resolucións de 26 de marzo de 2013, polas que se aproban o Plan de Contabilidade de entidades sen fins lucrativos e o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contábel que lle son de aplicación, de xeito que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Entidade.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se teñan aplicado disposicións legais en materia contábel.

O Padroado será informado pola Comisión Executiva da memoria anual, da conta de resultados, do patrimonio e do orzamento para decidir sobre a súa aprobación. Con data 17 de abril de 2023 foron aprobadas polo Padroado as contas anuais abreviadas do exercicio 2022.

As contas anuais abreviadas adxuntas someteranse á aprobación polo Padroado da Fundación Eugenio Granell, estimándose que estas serán aprobadas sen modificación algunha.

### b) Principios contábeis non obrigatorios

Non se aplicaron principios contábeis non obrigatorios. Adicionalmente, a Comisión Executiva da Fundación formulou estas contas anuais abreviadas tendo en consideración a totalidade dos principios e normas contábeis de aplicación obrigatoria que teñen un efecto significativo nas devanditas contas anuais abreviadas. Non existe ningún principio contábel que sendo obrigatorio deixe de aplicarse.

### c) Comparación da información

As contas anuais abreviadas presentan, a efectos comparativos con cada unha das partidas do Balance, e da Conta de resultados, ademais das cifras do exercicio 2023 as correspondentes ó exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ó exercicio 2023 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio 2022.

Así mesmo, informamos que as contas anuais abreviadas do exercicio 2022 que se presentan a efectos comparativos non coinciden coas contas anuais abreviadas aprobadas polo Padroado, como consecuencia de ser reexpresadas para ter en conta determinadas correccións contables sobre as que se informa na Nota 2.h). da memoria. Así pois, a Fundación reexpresou as cifras comparativas do exercicio 2022, polo que estas son perfectamente comparables.

Ambos exercicios están contabilizados segundo as Normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade das Entidades sen fins lucrativos, Real Decreto R.D 1491/2011 de 24 de outubro, e ambos foron adaptados ás normas e resolucións do Instituto de Contabilidade Auditoría de Contas conforme estas foron aparecendo.

### d) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

A Fundación elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, tendo en conta, así mesmo, o Plan de actuación/orzamento para o exercicio 2024 aprobado con data 22 de decembro de 2023, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais abreviadas adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Comisión Executiva da Fundación para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados nela. Basicamente, estas estimacións refírense a:

- Vida útil dos activos materiais e intanxíbeis para uso propio.

É posíbel que, a pesar de que estas estimacións se realizaron en función da mellor información dispoñíbel á data de aprobación destas contas anuais abreviadas sobre os feitos analizados, se produzan acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) en próximos exercicios, o que se faría de fo.0rma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas de resultados futuras.

### e) Agrupación de partidas

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en dúas ou máis partidas do balance.

### f) Elementos recollidos en varias partidas

Todos os elementos patrimoniais están recollidos nunha única partida do balance.

## g) Cambios en criterios contábeis

Durante o exercicio 2023 non se efectuaron axustes por cambios en criterios contábeis, respecto ós criterios aplicados no exercicio anterior.

## h) Corrección de erros

As cifras comparativas do exercicio 2022 presentan unha corrección como consecuencia de un erro detectado de exercicios anteriores. Dita corrección correspóndese co rexistro no inmobilizado intanxible dos dereitos de usufruto da obra de D. Philip West, calculados no dez por cento do valor razoable da colección de obras recibidas en usufruto. Neste caso, como os dereitos de usufruto son por tempo indefinido, considerouse o indicado na Norma de rexistro e valoración 20 do Plan Contable de ESFL, onde se precisa que si o prazo de cesión é superior á vida útil, neste caso indefinido, considerando o fondo económico da operación, o dereito de uso contabilizarase de forma análoga aos criterios xerais para estes elementos patrimoniais, e polo tanto debería figurar no inmobilizado material polo valor total dos bens recibidos.

Os efectos da mencionada corrección no Balance do exercicio 2022, son os que se indican a continuación:

| **ACTIVO** | **Contas anuais 2022** | **Correccións** | **Contas anuais 2022 Reexpresadas** |
|---|---|---|---|
| **A) ACTIVO NON CORRENTE** | **14.626.752,56** | **928.980,00** | **15.555.732,56** |
| I. Inmobilizado intanxíbel | 105.426,22 | -103.220,00 | 2.206,22 |
| III. Inmobilizado material | 14.521.326,34 | 1.032.200,00 | 15.553.526,34 |
| **B) ACTIVO CORRENTE** | **163.634,98** | **0,00** | **163.634,98** |
| I. Existencias | 117.378,28 | 0,00 | 117.378,28 |
| II. Usuarios e outros debedores da actividade propia | 26.000,00 | 0,00 | 26.000,00 |
| III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar | 5,81 | 0 | 5,81 |
| VI. Periodificacións a curto prazo | 6.516,43 | 0,00 | 6.516,43 |
| VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes | 13.734,46 | 0,00 | 13.734,46 |
| **TOTAL ACTIVO (A + B)** | **14.790.387,54** | **928.980,00** | **15.719.367,54** |

| **PATRIMONIO NETO E PASIVO** | **Contas anuais 2022** | **Correccións** | **Contas anuais 2022 Reexpresadas** |
|---|---|---|---|
| **A) PATRIMONIO NETO** | **14.748.453,03** | **928.980,00** | **15.677.433,03** |
| **A-1) Fondos propios** | **145.548,08** | **0,00** | **145.548,08** |
| **I. Dotación fundacional/Fondo Social** | **6.010,12** | **0,00** | **6.010,12** |
| 1. Dotación fundacional/Fondo social | 6.010,12 | 0,00 | 6.010,12 |
| **II. Reservas** | **110.086,81** | **0,00** | **110.086,81** |
| **III. Excedente de exercicios anteriores** | **29.786,54** | **0,00** | **29.786,54** |
| **IV. Resultado do exercicio** | **-335,39** | **0,00** | **-335,39** |
| **A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos** | **14.602.904,95** | **928.980,00** | **15.531.884,95** |
| **B) PASIVO NON CORRENTE** | **100,00** | **0,00** | **100,00** |
| **II. Débedas a longo prazo** | **100,00** | **0,00** | **100,00** |
| 3. Outras débedas a curto prazo | 100,00 | 0,00 | 100,00 |
| **C) PASIVO CORRENTE** | **41.834,51** | **0,00** | **41.834,51** |
| **II. Débedas a curto prazo** | **25.399,61** | **0,00** | **25.399,61** |
| 1. Débedas con entidades de crédito | 25.099,61 | 0,00 | 25.099,61 |
| 3. Outras débedas a curto prazo | 300,00 | 0,00 | 300,00 |
| **V. Acredores comerciais y Outras contas a pagar** | **16.434,90** | **0,00** | **16.434,90** |
| 1. Provedores | 255,31 | 0,00 | 255,31 |
| 2. Outros Acredores | 16.179,59 | 0,00 | 16.179,59 |
| **TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)** | **14.790.387,54** | **928.980,00** | **15.719.367,54** |

**i) Importancia relativa**

Ao determinar a información a detallar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Fundación, de acordo co Marco Conceptual, establecido no R.D. 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais abreviadas do exercicio 2023.

## 3. Excedente do exercicio

A proposta de distribución do resultado do exercicio 2023, que a Comisión Executiva da Fundación presentará para a súa aprobación á Xunta do Padroado, é a que se indica a continuación. A distribución de resultados do exercicio 2022 aprobouse na Xunta do Padroado celebrada o día 17 de abril de 2023.

| BASE DE REPARTO | EXERCICIO 2023 | EXERCICIO 2022 |
|---|---|---|
| Resultado | -14.935,98 | -335,39 |
| **Total base de reparto** | **-14.935,98** | **-335,39** |
| **DISTRIBUCIÓN** | **EXERCICIO 2023** | **EXERCICIO 2022** |
| A excedente negativo exercicio | -14.935,98 | -335,39 |
| A excedente positivo exercicio | 0,00 | 0,00 |
| **Total distribución** | **-14.935,98** | **-335,39** |

A Comisión Executiva considera que esta distribución está conforme cos Estatutos, coa Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos; coa Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións; co Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, que aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal; coa Lei 12/2006, de 1 de decembro, Fundacións de Interese Galego; e co Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos.

## 4. Normas de rexistro e valoración

As principais normas de valoración e rexistro utilizadas pola Comisión Executiva da Fundación para a elaboración das contas anuais abreviadas correspondentes ó exercicio 2023, foron as seguintes:

**a) Inmobilizado intanxíbel**

A Fundación distingue entre activos xeradores de fluxos de efectivo e non xeradores de fluxos de efectivo, sendo estes últimos aqueles cuxo obxecto non é a obtención dun rendemento económico, senón o beneficio social ou potencial de servizo á entidade, como poden ser os fluxos económicos sociais que xeran ditos activos e que benefician á colectividade.

Como norma xeral, o inmobilizado intanxible, xa sexan elementos xeradores ou non xeradores de fluxos de efectivo, valórase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de produción. Posteriormente valórase o seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro que teña experimentado.

Os elementos incluídos no apartado de inmobilizado intanxíbel son:

- 204. Propiedade industrial: Rexistro da marca.

- 206. Aplicacións informáticas: Nesta conta rexístranse os custos da adquisición de programas informáticos incluídos os custos de desenvolvemento da páxina web. Os custos de mantemento das aplicacións informáticas rexístranse na conta de perdas e ganancias do exercicio en que se incorren.

Os activos intanxibles de vida útil definida amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Cando menos, ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioración, nese caso estímanse os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan. O detalle da vida útil por elementos de inmobilizado intanxible é o indicado a continuación:

| Descrición | Vida útil definida | % Amortización |
|---|---|---|
| Propiedade Industrial | 10 años | 10,00 |
| Aplicacións Informáticas e páx.WEB | 6,25 años | 16,00 |

Cando menos ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioro, en cuxo caso estímanse os importes recuperábeis, efectuándose as correccións valorativas que procedan. En particular, o criterio de valoración seguido para calcular o valor recuperable dos activos intanxíbeis con vida útil indefinida, é o mesmo que o establecido na nota 4.b) para a valoración das obras de arte.

No exercicio 2023 a Fundación non rexistrou perdas por deterioro de inmobilizados intanxibles, nin tampouco no exercicio 2022.

A Fundación clasificou a totalidade do seu inmobilizado intanxible como non xerador de fluxos de efectivo.

## b) Inmobilizado Material

A Fundación distingue entre activos xeradores de fluxos de efectivo e non xeradores de fluxos de efectivo, sendo estes últimos aqueles cuxo obxecto non é a obtención dun rendemento económico, senón o beneficio social ou potencial de servizo á entidade, como poden ser os fluxos económicos sociais que xeran ditos activos e que benefician á colectividade.

En certas ocasións, un activo, aínda que é mantido principalmente para producir fluxos económicos sociais en beneficio dunha colectividade, pode tamén proporcionar rendementos comerciais a través dunha parte das súas instalacións ou compoñentes o ben a través dun uso incidental e diferente ó seu uso principal. Cando o compoñente ou uso xerador de fluxos de efectivo se poida considerar como accesorio con respecto ó obxectivo principal do activo como un todo, ou ben non poida operar ou explotarse con independencia do resto de compoñentes e instalacións integrantes do activo, este se considerará integramente como non xerador de fluxos de efectivo.

A Fundación, nos casos en que non está claro a finalidade principal de posuír un activo é xerar ou non un rendemento comercial, clasifícanse na categoría de activos non xeradores de fluxos de efectivo.

No suposto de que un ben de inmobilizado que non xeraba fluxos de efectivo pase a ser utilizado en actividades lucrativas, desenvolvidas pola propia entidade, procederá a súa reclasificación polo valor en libros no momento en que exista evidencia clara de que tal reclasificación é adecuada. Unha reclasificación, por si soa, non provoca necesariamente unha comprobación do deterioro ou unha reversión da perda por deterioro.

Como norma xeral, os bens comprendidos dentro do inmobilizado material adquiridos no exterior, xa sexan elementos xeradores ou non xeradores de fluxos de efectivo, están valorados polo seu prezo de adquisición, incluíndo os gastos adicionais que se produzan e os xuros devengados até a data na que o ben se atopa en condicións de funcionamento. Posteriormente valóranse ao seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro que teñan experimentado.

No caso de baixas ou retiros, o custe rexistrado e a súa amortización acumulada son cancelados nos rexistros contables e o beneficio ou perda resultante é incorporado a resultados.

Non é aplicable a activación de grandes reparacións e custos de retiro e rehabilitación. A Fundación non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por iso non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigas de futuro.

A Fundación considera que o valor contable dos activos non supera o valor recuperable destes.

Os gastos de conservación e mantemento dos diferentes elementos que compoñen o inmobilizado material impútanse á conta de resultados do exercicio no que se incorren. Polo contrario, os importes investidos en melloras que contribúen a aumentar a capacidade ou eficiencia ou a alongar a vida útil de ditos bens rexístranse como maior custo dos mesmos.

Os principais elementos incluídos no apartado de inmobilizado material son as obras de arte doadas, que se describen a continuación:

- Obras de arte doadas á Fundación Granell por Dona Amparo Fernández Granell, mediante escritura pública de data do 18 de xuño de 2007.

- Dereitos de usufruto da obra D. Philip West: Estes dereitos de usufruto recibíronse por tempo indefinido, polo que en aplicación da Norma de rexistro e valoración 20 do Plan Contable de ESFL, contabilizáronse de forma análoga aos criterios xerais do inmobilizado material. A valoración da obra de D. Philip West ascende a un total de 1.032.200,00 euros, obtida mediante taxación realizada por un experto independente.

Con respecto ás obras de arte doadas á Fundación Granell por Dona Amparo Fernández Granell, a intención da Fundación é rexistrar a totalidade das mesmas polo seu valor razoable, de acordo co establecido na norma de valoración nº 18ª do Plan Xeral de Contabilidade e co R.D. 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos. Para a consecución deste obxectivo, a Fundación está realizando un proceso de taxación pericial realizado por un experto independente. Ata o momento, as accións realizadas pola Fundación neste sentido foron as seguintes:

- Durante o exercicio 2011 a Fundación rexistrou no balance o valor razoable das coleccións que se encontraban taxadas ata ese momento, dando á súa vez de baixa contable os importes establecidos polo doante.

- Durante o exercicio 2013 a Fundación rexistrou no balance o valor razoable de 8 obras de arte que se taxaron en dito exercicio.

Non obstante, á data de formulación destas contas anuais abreviadas, dito proceso de taxación pericial aínda non rematou, permanecendo sen contabilizar o resto das coleccións pendentes de valorar polo experto independente, proceso que se prevé finalizar nos próximos exercicios.

O detalle do valor razoable determinado por un experto independente dunha parte das coleccións de obras de arte doadas por Dona Amparo Fernández Granell, e que se encontran reflectidos nas contas anuais abreviadas son as seguintes:

| COLECCIÓNS DOADAS | IMPORTE TAXACIÓN A 31/12/2022 | NOVAS TAXACIÓNS EN 2023 | IMPORTE TAXACIÓN A 31/12/2023 |
|---|---|---|---|
| COLECCIÓN SURREALISTA ATA O ANO 2008 | 2.311.589,00 | | 2.311.589,00 |
| ÓLEOS COLECCIÓN E. GRANELL | 9.287.000,00 | | 9.287.000,00 |
| ESCULTURAS COLECCIÓN E. GRANELL | 1.285.000,00 | | 1.285.000,00 |
| OBXETOS COLECCIÓN E. GRANELL | 333.000,00 | | 333.000,00 |
| DEBUXOS COLECCIÓN E. GRANELL | 1.020.800,00 | | 1.020.800,00 |
| COLAXES COLECCIÓN E. GRANELL | 53.000,00 | | 53.000,00 |
| FOTOGRAFÍA COLECCIÓN E. GRANELL | 17.800,00 | | 17.800,00 |
| GRAVADOS COLECCIÓN E. GRANELL | 11.500,00 | | 11.500,00 |
| TAPIZ COLECCIÓN E. GRANELL | 14.000,00 | | 14.000,00 |
| **IMPORTE TOTAL** | **14.333.689,00** | **0,00** | **14.333.689,00** |

As coleccións que se encontran pendentes de taxar polo experto independente, e cuxo rexistro contable non está realizado a 31 de decembro de 2023 son as seguintes:

| COLECCIÓNS DOADAS |
|---|
| **1) COLECCIÓN E.F. GRANELL** |
| ÓLEOS E GOUCHES |
| DEBUXOS |
| OBXECTOS |
| COLAXES |
| GRAVADOS |
| FOTOGRAFÍAS |
| CARTEIS |
| CONSTRUCCIÓNS |
| **2) COLECCIÓN SURREALISTA** |
| **3) COLECCIÓN ÉTNICA** |
| **4) OUTROS FONDOS DE MADRID TRASLADADOS ATA A FUNDACIÓN** |
| **5) BIBLIOTECA PERSOAL DE E.GRANELL** |

- En exercicios anteriores rexistráronse altas de inmobilizado material debidas á doazóns de obras de arte realizadas por diversos artistas que foron aceptadas polo Padroado e rexistradas no balance de situación adxunto polo seu valor razoable, determinado segundo a taxación realizada por un experto independente. O detalle destas altas realizadas a valor razoable resúmese como segue:

| COLECCIÓNS DOADAS POR OUTROS AUTORES | IMPORTE TAXACIÓN A 31/12/2022 | NOVAS TAXACIÓNS EN 2023 | IMPORTE TAXACIÓN A 31/12/2023 |
|---|---|---|---|
| DOAZÓN OBRAS DE ARTE 2009 | 132.950,00 | | 132.950,00 |
| DOAZÓN OBRAS DE ARTE 2010 | 9.500,00 | | 9.500,00 |
| DOAZÓN OBRAS DE ARTE 2011 | 8.000,00 | | 8.000,00 |
| DOAZÓN OBRAS DE ARTE 2012 | 500,00 | | 500,00 |
| DOAZÓN OBRAS DE ARTE 2013 | 9.877,00 | | 9.877,00 |
| **IMPORTE TOTAL** | **160.827,00** | **0,00** | **160.827,00** |

- A Fundación recibiu as seguintes doazóns que foron aprobadas polo padroado e que á data de peche das contas anuais abreviadas adxuntas non se atopaban rexistradas no balance, debido a que estas obras están pendentes de taxación e valoración por un experto independente:

| Obra | Valor segundo os doantes | Exercicio no que se recibiu | Exercicio no que se aceptaron polo padroado |
|---|---|---|---|
| 6 Obras | 10.900,00 € | 2014 | 2015 |
| 3 Obras | 1.773,08 € | 2016 | 2021 |
| 7 Obras | 2.097,51 € | 2017 | 2021 |
| 9 Obras | 3.300,00 € | 2018 | 2021 |
| 4 Obras | 3.300,00 € | 2019 | 2021 |

- A Fundación recibiu as seguintes doazóns que á data de formulación destas contas anuais estaban pendentes de aprobación polo padroado, e polo tanto, non se atopaban rexistradas no balance:

| Obra | Valor segundo os doantes | Exercicio no que se recibiu | Exercicio no que se aceptaron polo padroado |
|---|---|---|---|
| 18 Obras | 1.450,00 € (*) | 2022 | Pendente de aprobación |
| 150 Obras | 137.506,00€ | 2023 | Pendente de aprobación |

(*) 14 obras por importe de 950,00 € foron recibidas en 2022 con motivo de exposición, pero doadas posteriormente, polo que non figuraban neste apartado das contas anuais do exercicio 2022.

Os bens recibidos en doazón teñen a súa contrapartida no epígrafe de "Subvencións, doazóns e legados recibidos", imputándose a resultados do exercicio no momento en que se produza a venda ou baixa dos mesmos, e no caso de activos depreciábeis en proporción á depreciación experimentada.

A Fundación non amortiza as obras de arte. A Fundación considera acreditado que o potencial de servizo desta colección de obras será usado tan lentamente que a súa vida útil estimada será indefinida, sen que estes bens sufran desgaste polo seu funcionamento, uso ou goce. Neste punto entendemos que resulta de aplicación a Norma 8ª de rexistro e valoración contable do Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos que foi aprobado pola Resolución do ICAC do 26 de marzo de 2013 (BOE do 10 de abril de 2013), establecida porque ao tratar dos bens do Patrimonio Histórico sinala que: "As obras de arte e obxectos de colección que non teñan a cualificación de bens do Patrimonio Histórico deberán ser obxecto de amortización, salvo que a entidade acredite que a vida útil dos devanditos bens tamén é indefinida."

A amortización dos elementos do inmobilizado material realízase, desde o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada, estimándose un valor residual nulo, e segundo o seguinte detalle:

| Descrición | Vida útil | % Amortización |
|---|---|---|
| Instalacións técnicas | 8,33 años | 12,00 |
| Mobiliario | 10 años | 10,00 |
| Equipos informáticos | 4 años | 25,00 |
| Outro inmobilizado | 10 e 8,33 años | 10,00 e 12,00 |
| **Descrición** | **Vida útil Indefinida** | **% Amortización** |
| Outro inmobilizado (obras de arte doadas) | Indefinida | --- |

Co peche do exercicio, ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a Fundación revisa os importes en libros dos seus activos inmobilizados para determinar se existen indicios de que ditos activos teñan sufrido unha perda por deterioro de valor. No caso de que o activo non xere fluxos de efectivo que sexan independentes de outros activos ou grupos de activos, a Fundación calcula o valor recuperable da unidade xeradora de efectivo á que pertence o activo. Se existe calquera indicio, o importe recuperábel do activo (entendendo por valor recuperábel, o maior importe entre o seu valor

razoábel menos os custos de venda e o seu valor en uso), calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor. No caso de que o importe recuperábel estimado sexa inferior ao valor neto en libros do activo, rexístrase a correspondente perda por deterioro con cargo á conta de perdas e ganancias, reducindo o valor en libros do activo ó seu importe recuperábel. Unha vez recoñecida a corrección valorativa por deterioro ou a súa reversión, axústanse as amortizacións dos exercicios seguintes considerando o novo valor contable. Non obstante, se das circunstancias específicas dos activos se pon de manifesto unha perda de carácter irreversible, esta recoñécese directamente en perdas procedentes do inmobilizado da conta de resultados.

O deterioro de valor dun activo non xerador de fluxos de efectivo é a perda de potencial de servizo de un activo, distinta á depreciación sistemática e regular que constitúe a amortización. O deterioro responde, por tanto, a unha diminución na utilidade que proporciona o activo á entidade que o controla. Prodúcese unha perda por deterioro de valor dun elemento del inmobilizado material non xerador de fluxos de efectivo cando o seu valor contable supere ó seu importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o su valor razoable menos os custes de venda e o seu valor en uso. A tal efecto, o valor en uso determínase por referencia ó custe de reposición. Polo menos ó peche do exercicio, a fundación avalía si existen indicios de que algún inmobilizado material ou, no seu caso, algunha unidade de explotación ou servizo poidan estar deteriorados, en cuxo caso, debe estimar os seus importes recuperables efectuando as correccións valorativas que procedan. Os cálculos do deterioro dos elementos de inmobilizado material efectúanse elemento a elemento de forma individualizada. Se non fora posible estimar o importe recuperable de cada ben individual, a fundación determinará o importe recuperable da unidade de explotación ou servizo á que pertenza cada elemento de inmobilizado. No caso de que a fundación recoñeza unha perda por deterioro dunha unidade de explotación ou servizo, reduce o valor contable dos activos que a integran en proporción ó seu valor contable, ata o límite do maior valor entre os seguintes: o seu valor razoable menos os custes de venda, o seu custe de reposición e o valor cero. Non obstante o anterior, si das circunstancias específicas dos activos se pon de manifesto unha perda de carácter irreversible, esta recoñécese directamente en perdas procedentes do inmobilizado da conta de resultados.

A Fundación clasificou a totalidade do seu inmobilizado material como non xerador de fluxos de efectivo.

No exercicio 2023 a Fundación non rexistrou perdas por deterioro de inmobilizados materiais, nin tampouco no exercicio 2022.

Tal e como se indicou na **Nota 1** desta memoria, a Fundación dispón por cesión de uso gratuíta e sen prazo definido outorgada polo Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela, dunha parte das dependencias do Pazo de Bendaña, para sede social e desenrolo dos fins fundacionais. De acordo co establecido na norma de rexistro e valoración nº 18 "Subvencións, doazóns e legados" do Plan Xeral Contable aprobado polo RD 1514/2007, e coa norma nº 9 do R.D. 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, así como co indicado na consulta nº 6 do BOICAC 84 de decembro de 2010, os dereitos de uso do citado local sen contraprestación, deben rexistrarse contablemente polo valor razoable atribuíble ó dereito de uso cedido. A Fundación dispón dunha valoración dos dereitos de uso cedidos realizada polo Concello de Santiago de Compostela, sen embargo esta non se recolle no balance de situación ó 31 de decembro de 2023, mentres non se realice por un taxador externo.

### c) Arrendamentos

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que, das condicións dos mesmos, se deduza que se transfiren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos. A Fundación unicamente ten arrendamentos operativos puntuais.

*Arrendamento operativo*

Os ingresos e gastos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse á conta de perdas e ganancias no exercicio en que se devengan. Calquera cobro ou pago que puidese realizarse ao contratar un arrendamento operativo tratarase como un cobro ou pago anticipado que se imputará a resultados ao longo do período do arrendamento, a medida que se cedan ou reciban os beneficios do activo arrendado.

## d) Instrumentos financeiros

As normas de valoración dos instrumentos financeiros cos que opera a Entidade, e que figuran no balance adxunto pódense resumir, atendendo á súa natureza, do seguinte xeito:

**d1) Activos Financeiros**: aos que resulta de aplicación a presente norma:

- *Créditos por operacións comerciais:* clientes e debedores varios. Son aqueles activos financeiros que se orixinan na venda de bens e a prestación de servizos por operacións de tráfico da empresa con cobranza aprazada.
- *Efectivo e outros medios líquidos equivalentes*: baixo este epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizábeis en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

Os activos financeiros a efectos da súa valoración clasifícanse na seguinte categoría:

- <u>Activos financeiros a custe amortizado</u>: activos financeiros orixinados na venda de bens ou na prestación de servizos por operacións relacionadas coa actividade propia da fundación, ou os que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial e cuxos cobranzas son de contía determinada ou determinable, que proceden de operacións de préstamo ou crédito concedidos pola empresa.

<u>Valoración inicial</u>

Os activos financeiros clasificados nesta categoría valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada, máis os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles.

Con todo, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual explícito, así como os créditos ao persoal, cuxo importe espérase recibir no curto prazo, poderanse valorar polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

<u>Valoración posterior</u>

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse polo seu custo amortizado. Os intereses devindicados contabilizaranse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de interese efectivo.

Con todo, os créditos con vencemento non superior a un ano que, de acordo co disposto no apartado anterior, valórense inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose polo devandito importe, salvo que se deterioraron.

Cando os fluxos de efectivo contractuais dun activo financeiro modifícanse debido ás dificultades financeiras do emisor, a empresa analizará se procede contabilizar unha perda por deterioración de valor.

Deterioro e baixa

Polo menos ao peche do exercicio a Fundación realiza un test de deterioro para os activos financeiros. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioro si como resultado dun ou máis eventos que ocorresen despois do seu recoñecemento inicial e que ocasionen unha redución ou atraso nos fluxos de efectivo estimados futuros, que poden vir motivados pola insolvencia do debedor.

A perda por deterioración do valor destes activos financeiros será a diferenza entre o seu valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros, incluídos, no seu caso, os procedentes da execución das garantías reais e persoais, que se estima van xerar, descontados ao tipo de interese efectivo calculado no momento do seu recoñecemento inicial. En particular, e respecto das correccións valorativas relativas aos debedores comerciais e outras contas a cobrar, o criterio utilizado pola Fundación para calcular as correspondentes correccións valorativas, se as houber, é realizar unha análise específica para cada debedor en función da solvencia do mesmo. A 31 de decembro de 2023 non existen saldos debedores con risco de moura non deteriorados, nin tampouco no exercicio 2022.

As correccións de valor por deterioración, así como a súa reversión cando o importe da devandita perda diminuíse por causas relacionadas cun evento posterior, recoñeceranse como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias. A reversión da deterioración terá como límite o valor en libros do activo que estaría recoñecido na data de reversión se non se rexistrou a deterioración do valor.

O recoñecemento de intereses nos activos financeiros con deterioración crediticia seguirá as regras xerais, sen prexuízo de que de maneira simultánea a empresa deba avaliar se devandito importe será obxecto de recuperación e, no seu caso, contabilice a correspondente perda por deterioración.

A Fundación dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e transferíronse substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

**d2) Pasivos financeiros**: aos que resulta de aplicación a presente norma :

- *Débitos por operacións comerciais*: son aqueles pasivos financeiros que se orixinan na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa con pago aprazado.
- *Débedas con entidades de crédito*.
- *Outros pasivos financeiros:* Débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou entidades que non sexan entidades de crédito incluídos os xurdidos na compra de activos non correntes, fianzas e depósitos recibidos e desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións.

Os pasivos financeiros a efectos da súa valoración clasifícanse na seguinte categoría:

- Pasivos financeiros a custe amortizado: pasivos financeiros orixinados na compra de bens e servizos por operacións relacionadas coa actividade propia da fundación, ou tamén aqueles que sen ter unha orixe comercial, non poden ser considerados como instrumentos financeiros derivados.

Valoración inicial

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles.

Con todo, os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, así como os desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións, cuxo importe espérase pagar no curto prazo, poderanse valorar polo seu valor nominal, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

Valoración posterior

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse polo seu custo amortizado. Os intereses devindicados contabilizaranse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de interese efectivo.

Con todo, os débitos con vencemento non superior a un ano que, de acordo co disposto no apartado anterior, valórense inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose polo devandito importe.

Baixa

A empresa dará de baixa un pasivo financeiro, ou parte do mesmo, cando a obrigación extinguiuse; é dicir, cando fose satisfeita, cancelada ou expirase.

Os intereses devengados contabilízanse na conta de resultados, aplicando o método do tipo de xuro efectivo, sempre e cando a súa incidencia na conta de resultados non sexa significativa.

**e) Créditos pola actividade propia:** aos que resulta de aplicación a presente norma :

- ✓ *Créditos pola actividade propia:* son os dereitos de cobro que se orixinan no desenvolvemento da actividade propia fronte ós beneficiarios, usuarios, patrocinadores e afiliados.

Valoración inicial y posterior dos créditos

As cotas, donativos e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados u outros debedores, con vencemento a curto prazo, orixinarán un dereito de cobro que se contabilizará polo seu valor nominal. Si o vencemento supera o citado prazo, recoñeceranse polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do crédito rexistrarase como un ingreso financeiro na conta de resultados de acordo co criterio do custe amortizado.

Ao menos ó peche do exercicio, efectúanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que se produciu un deterioro de valor nestes activos. O criterio utilizado pola Fundación para calcular as correspondentes correccións valorativas, se as houber, é realizar unha análise específica para cada debedor en función da solvencia do mesmo. A 31 de decembro de 2023 non existen saldos debedores con risco de moura non deteriorados, nin tampouco no exercicio 2022.

## f) Existencias

Neste epígrafe a Fundación rexistra mercadorías e fondos editoriais destinados á difusión e promoción do conxunto da obra de Eugenio Granell e outras manifestacións artísticas ou culturais.

Os bens comprendidos nas existencias, valóranse polo seu custo, xa sexa o prezo de adquisición ou o custo de produción. O prezo de adquisición, inclúe o importe facturado polo vendedor despois de deducir calquera desconto, rebaixa no prezo ou outras partidas similares, así como os xuros incorporados ao nominal dos débitos, e engadíronse todos os gastos adicionais que se produzan até que os bens sexan colocados para a súa venda.

As existencias recibidas gratuitamente pola entidade rexistraranse polo seu valor razoable.

Deterioro de existencias:

As existencias que dispón a Fundación a 31 de decembro de 2023 están na súa totalidade destinadas como entrega ós beneficiarios da entidade en cumprimento dos fins propios, ben sen contraprestación ou ben a cambio dunha contraprestación significativamente inferior ó valor de mercado das mesmas.

Rexistrarase un deterioro de valor das existencias cando o valor neto realizable das mesmas sexa inferior ó seu prezo de adquisición ou ó seu custe de produción, entón efectuaranse as oportunas correccións valorativas recoñecéndoas como un gasto na conta de resultados. Ós efectos de calcular o deterioro de valor destes activos, o importe neto recuperable a considerar será o maior entre o seu valor neto realizable e o seu custo de reposición.

De acordo co análise realizado pola Fundación ó 31 de decembro de 2023, o prezo de adquisición ou o custe de produción das existencias contabilizadas non supera o custo de reposición das mesmas, polo que non é necesario realizar correccións valorativas das existencias.

**g) Subvencións, doazóns e legados.**

Para a contabilización das subvencións, doazóns e legados recibidos a Fundación segue os criterios seguintes:

**g1) Subvencións oficiais de capital non reintegrábeis**: Estas subvencións son obtidas pola Fundación para financiar a adquisición de activos tanto para a actividade propia como para a actividade mercantil. Valóranse polo valor razoábel do importe ou o ben concedido, en función de se son de carácter monetario ou non, e impútanse a resultados en proporción á dotación á amortización efectuada no período para os elementos subvencionados ou, no seu caso, cando se produza o seu alleamento ou corrección valorativa por deterioro.

**g2**) **Doazóns e legados de capital:** A Fundación recolle neste epígrafe a contrapartida das obras de arte doadas polos artistas que locen no activo do balance adxunto, e que se valoran tal e como se indicou na Nota 4b da presente memoria. Dado que a Fundación considera que estes activos non sofren depreciación algunha por ser obras de arte, estes ingresos a distribuír non se imputan ao resultado do exercicio. A partida máis relevante é a doazón da obra de D. Eugenio Granell, que ten un valor en libros de 14.333.689,00 euros a 31 de decembro de 2023 e 14.333.689,00 euros a 31 de decembro de 2022.

**g3) Outras subvencións non reintegrábeis (subvencións de explotación):** Estas subvencións son obtidas pola Fundación para financiar gastos específicos (os da explotación) tanto da actividade propia como da mercantil abónanse a resultados no momento no que se devengan os gastos financiados, excepto si se obteñen sen asignación a unha finalidade específica, entón contabilízanse no excedente do exercicio en que se conceden.

**g4) Subvencións, doazóns e legados de carácter reintegrábeis**: Mentres teñen o carácter de reintegrábeis contabilízanse como pasivos.

**h) Provisións para pensións e obrigas similares**

A Fundación non xestiona directamente fondos destinados a atencións sociais para cos seus traballadores.

**i) Imposto sobre Beneficios e imposto sobre o valor engadido**

A Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos, establece un réxime tributario especial para as Fundacións, que determina que na base impoñíbel do Imposto sobre

Sociedades só se incluirán as rendas derivadas das explotacións económicas non exentas, sempre que resulte aplicábel o réxime fiscal especial das entidades sen fins lucrativos.

De acordo coa lei anterior, unha entidade será considerada sen fins lucrativos cando cumpra os seguintes requisitos:

- Que persiga fins de interese xeral.
- Que se destine á realización de ditos fins polo menos o 70% das rendas de explotación económicas, as rendas xeradas na transmisión de bens e dereitos, os ingresos que obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos necesarios para a súa obtención.
- Que os fundadores, asociados e patróns non sexan os destinatarios principais da actividade da fundación.
- Que o cargo de patrono sexa gratuíto.
- Que a fundación estea inscrita no rexistro correspondente, que cumpra as obrigas contables establecidas, que cumpra as obrigas de rendición de contas que estableza a súa lexislación específica, e que elabore unha memoria económica seguindo unhas directrices.

As actividades económicas que realiza a Fundación son as seguintes:

- Prestacións de servizos das actividades propias, consistentes na organización de exposicións de obras de arte en cumprimento do seu fin social. As rendas obtidas destas actividades atópanse exentas do Imposto sobre Sociedades de acordo co artigo 7.8 da Lei 49/2002.

- Actividades económicas que se poden considerar exentas, dada a escasa relevancia das mesmas, segundo o artigo 7.8 da Lei 49/2002, é dicir, considérase de escasa relevancia, aquelas rendas derivadas de actividades económicas cuxo importe neto da cifra de negocios do exercicio non supere no seu conxunto os 20.000 euros. Neste punto encóntranse as vendas de artigos de promoción e accesorios e os alugueres.

Polo tanto, e en base o mencionado no parágrafo anterior a Fundación non calcula, no exercicio 2023, o gasto por imposto de sociedades, nin tampouco o fixo no exercicio 2022.

En relación o imposto sobre o valor engadido (IVE). O IVE soportado non deducible formará parte do prezo de adquisición dos servizos que sexan obxeto das operacións gravadas polo imposto.

Non alterarán as valoracións iniciais as rectificacións no importe do IVE soportado non deducible, consecuencia da regularización derivada da prorrata definitiva, incluída a regularización por bens de inversión.

### j) Corrente/non corrente

No balance de situación adxunto clasifícanse como correntes os activos e débedas con vencemento igual ou inferior ao ano, e non correntes se o seu vencemento supera dito período.

### k) Ingresos e Gastos

### k1) Ingresos e gastos da actividade propia:

Os gastos realizados pola entidade propia, contabilizaranse na conta de resultados do exercicio no que ocorran, ó marxe da data na que se produza a corrente financeira.

Na contabilización dos ingresos en cumprimento dos fins da entidade teranse en conta as seguintes regras:

- Os ingresos por entregas de bens ou prestación de servizos valoráranse polo importe acordado.
- As cotas de usuarios ou afiliados recoñécense como ingresos no período ó que corresponden.
- Os ingresos procedentes de promoción para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboración recoñeceranse cando as campañas e actos se produzan.

**k2) Ingresos por ventas e prestación de servizos:**

Os ingresos rexístranse cando se produce a corrente real de bens ou servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A fundación recoñece os ingresos polo desenvolvemento ordinario da súa actividade cando se produce a transferencia do control dos bens ou servizos comprometidos cos clientes, non mantendo a xestión corrente sobre devandito ben ou servizo, non retendo o control efectivo sobre os mesmos.

En canto aos ingresos por prestación de servizos, estes recoñécense considerando o grao de realización da prestación á data de balance, a condición de que o resultado da transacción poida ser estimado con fiabilidade.

Os ingresos ordinarios procedentes da venda de bens e a prestación de servizos valóranse polo importe monetario ou, no seu caso, polo valor razoable da contrapartida, recibida ou que se espere recibir, derivada da mesma, que, salvo evidencia en contrario, é o prezo acordado para os activos para transferir ao cliente, deducido: o importe de calquera desconto, rebaixa no prezo ou outras partidas similares que a empresa poida conceder, así como os intereses incorporados ao nominal dos créditos. Con todo, poderán incluírse os intereses incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñan un tipo de interese contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os ingresos derivados de compromisos que se executan nun momento determinado rexístranse nesa data, contabilizando como existencias os custos incorridos ata ese momento na produción dos bens ou servizos.

A Fundación toma en conta na valoración do ingreso a mellor estimación da contraprestación variable se é altamente probable que non se produza unha reversión significativa do importe do ingreso recoñecido cando posteriormente resólvase a incerteza asociada á citada contraprestación.

Non forman parte dos ingresos os impostos que gravan as operacións de entrega de bens e prestación de servizos que a entidade debe repercutir a terceiros como o imposto sobre o valor engadido e os impostos especiais, así como as cantidades recibidas por conta de terceiros.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

**l) Provisións e continxencias**

Na formulación das contas anuais abreviadas diferénciase as seguintes:

- Provisións: saldos acredores que cobren obrigas actuais derivadas de sucesos pasados, cuxa cancelación é probábel que orixine unha saída de recursos, mais que resultan indeterminados canto ao seu importe e/ou momento de cancelación.
- Pasivos continxentes: obrigas posíbeis xurdidas como consecuencia de feitos pasados, cuxa materialización futura está condicionada a que aconteza, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Entidade.

As contas anuais recollerán todas as provisións con respecto ás cales se estima que a probabilidade de que se teña que atender á obriga é maior que do contrario. Os pasivos continxentes non se

recoñecen nas contas anuais, senón que se informa sobre os mesmos nas notas da memoria, na medida en que non sexan considerados como remotos, conforme aos requirimentos da normativa contábel.

As provisións valoraranse polo valor actual da mellor estimación posíbel do importe necesario para cancelar ou transferir a obriga, tendo en conta a información dispoñíbel sobre o suceso e as súas consecuencias, e rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización de ditas provisións como un gasto financeiro conforme se vai devengando.

A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obriga, sempre que non existan dúbidas de que dito reembolso será percibido, rexistrarase como activo, excepto no caso de que exista un vinculo legal polo que fose exteriorizado parte do risco, e en virtude do cal a Entidade non estea obrigada a responder; nesta situación, a compensación terase en conta para estimar o importe polo que, no seu caso, figurará a correspondente provisión.

### m) Gastos de persoal

De acordo coa regulamentación vixente, a Fundación está obrigada ao pago de indemnizacións aos empregados cos que baixo determinadas condicións rescinda as súas relacións laborais. O balance de situación que se achega non inclúe provisión algunha por este concepto dado que a Comisión Executiva non espera que se produzan despedimentos de importancia significativa que podan afectar ás contas anuais.

A contabilización dos gastos de persoal axústanse ao principio de devengo, rexistrando o gasto na conta de resultados de acordo coa corrente real do servizo prestado á entidade, valorándose polo seu custe.

### n) Criterios empregados en transaccións con partes vinculadas

Esta norma de valoración afecta ás partes vinculadas que se detallan na norma de rexistro e elaboración 13ª do Plan Xeral de Contabilidade de ESFL. Neste sentido, as únicas operacións que, segundo o indicado anteriormente, poden considerarse como vinculadas, son as que a Fundación realiza cos seus socios fundadores e patróns, que neste caso son o Concello de Santiago de Compostela, a Deputación de a Coruña e o Consorcio de Santiago, respectivamente. Ditas operacións valóranse a efectos destas contas anuais polo valor nominal do importe recibido, de acordo cos criterios indicados no apartado 4.e) desta Nota.

### ñ) Actuacións empresariais sen incidencia no medio ambiente.

A Fundación non efectuou operacións que afecten ao medio ambiente, que requiran unha información especial, ou maior desagregación nas contas anuais adxuntas.

A Comisión Executiva estima, que dada a actividade de Fundación, esta non ten responsabilidades, gastos, activos, nin provisións e continxencias de natureza ambiental que puidesen ser significativos en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados.

## 5. Inmobilizado material

Análise dos movementos durante o exercicio 2023 e 2022 do inmobilizado material:

Exercicio 2023

| Estado de movementos das Inmobilizacións materiais | Outras Instalacións | Mobiliario | Equipos informáticos | Outro Inmobilizado | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| A) IMPORTE BRUTO AO INICIO DO EXERCICIO 2023 | 12.076,73 | 99.248,27 | 18.540,12 | 14.584.139,16 | 15.714.004,28 |
| (+) Entradas 2023 | 0,00 | 0,00 | 124,79 | 0,00 | 124,79 |
| (-) Saídas 2023 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| B) IMPORTE BRUTO AO PECHE DO EXERCICIO 2023 | 12.076,73 | 99.248,27 | 18.664,91 | 14.584.139,16 | 15.714.129,07 |
| C) AMORTIZACION ACUM. AO INICIO DO EX. 2023 | 11.416,30 | 92.578,06 | 14.621,68 | 41.861,90 | 160.477,94 |
| (+) Dotacións e aumentos 2023 | 96,02 | 948,22 | 1.644,55 | 144,00 | 2.832,79 |
| (-) Reducións por baixas ou saídas 2023 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| D) AMORTIZ. ACUM. AO PECHE DO EXERCICIO 2023 | 11.512,32 | 93.526,28 | 16.266,23 | 42.005,90 | 163.310,73 |
| **VALOR NETO CONTÁBEL 2023** | **564,41** | **5.721,99** | **2.398,68** | **15.542.133,26** | **15.550.818,34** |

As principais altas no exercicio 2023 corresponden a "Equipos informáticos".

Exercicio 2022 (*)

| Estado de movementos das Inmobilizacións materiais | Outras Instalacións | Mobiliario | Equipos informáticos | Outro Inmobilizado | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| A) IMPORTE BRUTO AO INICIO DO EXERCICIO 2022 | 12.076,73 | 95.850,03 | 17.184,16 | 15.584.079,98 | 15.709.190,90 |
| (+) Entradas 2022 | 0,00 | 3.558,24 | 1.355,96 | 59,18 | 4.973,38 |
| (-) Saídas 2022 | 0,00 | 160,00 | 0,00 | 0,00 | 160,00 |
| B) IMPORTE BRUTO AO PECHE DO EXERCICIO 2022 | 12.076,73 | 99.248,27 | 18.540,12 | 15.584.139,16 | 15.714.004,28 |
| C) AMORTIZACION ACUM. AO INICIO DO EX. 2022 | 11.319,81 | 91.707,82 | 13.026,89 | 41.717,90 | 157.772,42 |
| (+) Dotacións e aumentos 2022 | 96,49 | 1.030,24 | 1.594,79 | 144,00 | 2.865,52 |
| (-) Reducións por baixas ou saídas 2022 | 0,00 | 160,00 | 0,00 | 0,00 | 160,00 |
| D) AMORTIZ. ACUM. AO PECHE DO EXERCICIO 2022 | 11.416,30 | 92.578,06 | 14.621,68 | 41.861,90 | 160.477,94 |
| **VALOR NETO CONTÁBEL 2022** | **660,43** | **6.670,21** | **3.918,44** | **15.542.277,26** | **15.553.526,34** |

(*) Cifras do exercicio 2022 reexpresadas ver nota 2.h).

As principais altas no exercicio 2022 corresponden a "Mobiliario" e "Equipos informáticos".

Outra información

A partida máis relevante do inmobilizado material é a doazón de diversas coleccións de obras de arte de D. Eugenio Granell, que teñen un valor en libros de 14.333.689,00 euros, ademais e tal e como se detalla na Nota 4.b.) da presente memoria esta doazón non se está amortizando ó considerar que a vida útil das mesmas é indefinida. De acordo coa escritura pública de doazón destas obras, de data do 18 de xuño de 2007, non está permitida a venda das mesmas, excepto no caso de necesidade para o sostemento da Fundación, neste extremo estaría permitida a venda dunha ou varias obras ou obxectos das coleccións de obras de arte citadas.

Durante o exercicio 2023 non se produciron baixas no inmobilizado material da Fundación.

As baixas producidas durante o exercicio 2022 ascenden a 160,00 euros, e debéronse a bens que deixaron de estar en funcionamento na fundación. As baixas destes bens non produciron ningún resultado ó encontrarse totalmente amortizados.

O importe correspondente ao inmobilizado material que se encontra totalmente amortizado ascende á cantidade de 155.015,82 € no exercicio 2023 e 152.899,81 € no exercicio 2022.

Non existe inmobilizado que precise dun período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, nin tampouco existen inmobilizados afectos a garantías ou reversións nin restricións á súa titularidade, excepto polo mencionado no primeiro parágrafo desta nota en relación ás obras de arte recibidas en doazón.

A política da Fundación é formalizar pólizas de seguros para cubrir os posíbeis riscos a que están suxeitos os diversos elementos de inmobilizado material.

A información correspondente a bens de inmobilizado material subvencionados indícase na **Nota 12.**

Como se indicou na Nota 4.b), a Fundación determinou que as obras de arte non se amortizan por considerar acreditado que o potencial de servizo destas coleccións de obras será usado tan lentamente que a súa vida útil estimada será indefinida, sen que estes bens sufran desgaste polo seu funcionamento, uso ou goce. O importe das mesmas rexistrado en contabilidade polo seu valor de taxación é o seguinte:

| ACTIVOS CON VIDA ÚTIL INDEFINIDA | IMPORTE 2023 TAXACIÓN | IMPORTE 2022 TAXACIÓN (*) |
|---|---|---|
| Obra doada colecciones E. Granell | 14.333.689,00 | 14.333.689,00 |
| Obras de arte doadas por outros autores 2009-2013 | 160.827,00 | 160.827,00 |
| Obras de arte colección Philip West | 1.032.200,00 | 1.032.200,00 |
| Biblioteca | 13.153,46 | 13.153,46 |
| Obras de arte adquiridas pola Fundación | 2.248,55 | 2.248,55 |
| **IMPORTE TOTAL** | **15.542.118,01** | **15.542.118,01** |

(*) Cifras do exercicio 2022 reexpresadas ver nota 2.h).

## 6. Inmobilizado intanxíbel

Análise do movemento durante o exercicio 2023 e 2022 do inmobilizado intanxíbel:

Exercicio 2023

| Estado de movementos do Inmobilizado intanxíbel | Patentes, marcas e similares | Aplicacións informáticas | Total |
|---|---|---|---|
| A) IMPORTE BRUTO AO INICIO DO EXERCICIO 2023 | 1.589,94 | 20.105,40 | 21.695,34 |
| (+) Entradas 2023 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| (-) Saídas 2023 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| B) IMPORTE BRUTO AO PECHE DO EXERCICIO 2023 | 1.589,94 | 20.105,40 | 21.695,34 |
| C) AMORTIZACIÓN ACUM. AO INICIO DO EXERCICIO 2023 | 1.417,12 | 18.072,00 | 19.489,12 |
| (+) Dotacións e aumentos 2023 | 60,05 | 484,69 | 544,74 |
| (-) Redución por baixa, saídas 2023 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| D) AMORTIZACION ACUM. AO PECHE DO EXERCICIO 2023 | 1.477,17 | 18.556,69 | 20.033,86 |
| **VALOR NETO CONTÁBEL 2023** | **112,77** | **1.548,71** | **1.661,48** |

Exercicio 2022 (*)

| Estado de movementos do Inmobilizado intanxíbel | Patentes, marcas e similares | Aplicacións informáticas | Total |
|---|---|---|---|
| A) IMPORTE BRUTO AO INICIO DO EXERCICIO 2022 | 1.589,94 | 20.105,40 | 21.695,34 |
| (+) Entradas 2022 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| (-) Saídas 2022 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| B) IMPORTE BRUTO AO PECHE DO EXERCICIO 2022 | 1.589,94 | 20.105,40 | 21.695,34 |
| C) AMORTIZACIÓN ACUM. AO INICIO DO EXERCICIO 2022 | 1.357,07 | 17.587,31 | 18.944,38 |
| (+) Dotacións e aumentos 2022 | 60,05 | 484,69 | 544,74 |
| (-) Redución por baixa, saídas 2022 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| D) AMORTIZACION ACUM. AO PECHE DO EXERCICIO 2022 | 1.417,12 | 18.072,00 | 19.489,12 |
| **VALOR NETO CONTÁBEL 2022** | **172,82** | **2.033,40** | **2.206,22** |

(*) Cifras do exercicio 2022 reexpresadas ver nota 2.h).

Outra información

O resto de partidas deste epígrafe recollen principalmente os dereitos sobre a marca da Fundación, a páxina web da Fundación e diversas aplicacións informáticas como o programa de xestión de fondos de arte.

O importe correspondente ao inmobilizado intanxíbel que se encontra totalmente amortizado ascende á cantidade de 18.065,54€ tanto no exercicio 2023 como no exercicio 2022.

A información correspondente a bens de inmobilizado intanxible subvencionados indícase na **Nota 12.**

## 7. Instrumentos financeiros

a) Activos financeiros: detállanse a continuación no seguinte cadro.

| Clases / Categorías | Activos financeiros a curto prazo | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Debedores e outras contas a cobrar (1) | | Usuarios actividade propia | | | |
| **Anualidade** | **Ex. 2023** | **Ex. 2022** | **Ex. 2023** | **Ex. 2022** | **Ex. 2023** | **Ex. 2022** |
| **Activos a custe amortizado** | 0,00 | 0,00 | 40.300,00 | 26.000,00 | 40.300,00 | 26.000,00 |
| **Total** | **0,00** | **0,00** | **40.300,00** | **26.000,00** | **40.300,00** | **26.000,00** |

Non se inclúen no cadro anterior, nin os saldos correspondentes ao efectivo, nin o importe de Facenda Pública Debedora. Os saldos debedores mantidos coa Facenda Pública Debedora non se consideran activos financeiros seguindo o criterio publicado na consulta nº 2 no BOICAC 87 de setembro de 2011.

Todos os activos financeiros sinalados no cadro anterior teñen un vencemento inferior ós 12 meses.

Na categoría "Activos a custe amortizado" a Fundación recolle os saldos debedores por operacións comerciais, e pola activade propia. Tal e como se indica na Nota 4.d.1) e 4.e) da presente memoria, ao ter un vencemento inferior aos doce meses, e non ter un tipo de xuro contractual, estes están valorados ao nominal.

**(1)** Dentro do epígrafe "Debedores comerciais e outras contas a cobrar" do balance abreviado adxunto, recóllense así mesmo os importes correspondentes aos créditos coa Administración Pública que se detallan na **Nota 10** desta memoria.

Na **Nota 8** infórmase sobre a partida "Usuarios actividade propia".

Correccións por deterioro del valor orixinadas polo risco de crédito:

A análise do movemento das contas correctoras representativas de perdas por deterioro orixinadas polo risco de crédito é o seguinte:

| | Clases de activos financeiros |
|---|---|
| | Créditos, derivados e outros |
| | Curto Prazo |
| Perdas por deterioro ó inicio do exercicio 2022 | **513,00** |
| (+) Correccións valorativas por deterioro | 0,00 |
| (-) Reversión de deterioro | 0,00 |
| Perdas por deterioro ó final do exercicio 2022 | **513,00** |
| Perdas por deterioro ó inicio do exercicio 2023 | **513,00** |
| (+) Correccións valorativas por deterioro | 0,00 |
| (-) Reversión de deterioro | 0,00 |
| Perdas por deterioro ó final do exercicio 2023 | **513,00** |

**b)** Pasivos financeiros: detállanse a continuación no seguinte cadro.

| Clases / Categorías | Pasivos financeiros a longo prazo | | Pasivos financeiros a curto prazo | | | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Derivados e outros | | Débedas con entidades de crédito | | Derivados e outros | | | |
| **Anualidade** | **Ex. 2023** | **Ex. 2022** | **Ex. 2023** | **Ex. 2022** | **Ex. 2023** | **Ex. 2022** | **Ex. 2023** | **Ex. 2022** |
| **Pasivos a Custe amortizado** | 0,00 | 100,00 | 22.427,29 | 25.099,61 | 14.783,13 | 2.670,30 | 37.210,42 | 27.869,91 |
| **Total** | **0,00** | **100,00** | **22.427,29** | **25.099,61** | **14.783,13** | **2.670,30** | **37.210,42** | **27.869,91** |

Non se inclúen nos cadros anteriores os saldos acredores coa Facenda Pública por non considerarse pasivos financeiros, seguindo o criterio publicado na consulta nº 2 no BOICAC 87 de setembro de 2011.

Todos os pasivos financeiros sinalados no cadro anterior teñen un vencemento inferior ós 12 meses.

No exercicio 2023 figuran dentro do epígrafe "Outras débedas a curto prazo" do balance de situación adxunto un importe de 125,00 euros correspondentes a provedores de inmobilizado. Por outra parte, dentro deste epígrafe no exercicio 2022 figuraban 300,00 euros correspondentes tamén a provedores de inmobilizado.

Provedores e Acredores, clasificadas na categoría de "Derivados e Outros", teñen un vencemento inferior aos doce meses, e non teñen un tipo xuro contractual, polo que están valoradas ao nominal.

Dentro do epígrafe "Acredores varios" do balance de situación adxunto, recóllense así mesmo os importes correspondentes as débedas coa Administración Pública que se detallan na **Nota 10** desta memoria.

A información sobre o importe dispoñible en pólizas de crédito a 31/12/2023 e a 31/12/2022 é a seguinte:

| | Límite | Disposto | Dispoñible |
|---|---|---|---|
| **Pólizas de crédito 2023** | 22.400,00 | 22.400,00 | 0,00 |
| **Pólizas de crédito 2022** | 104.700,00 | 25.080,41 | 79.619,59 |

## 8. Usuarios e outros debedores

O movemento do epígrafe B.III do activo do balance Usuarios e outros debedores da actividade propia durante o exercicio 2023 é o indicado a continuación:

| | Saldo inicial 2023 | (+) Entradas 2023 | (-) Saídas 2023 | Saldo final 2023 |
|---|---|---|---|---|
| **ASOCIADOS E AFILIADOS** | **0,00** | **705,20** | **705,20** | **0,00** |
| **PROMOCIÓNS E COLABORACIÓNS** | **0,00** | **20.300,00** | **8.000,00** | **12.300,00** |
| VIAQUA | 0,00 | 1.500,00 | 0,00 | 1.500,00 |
| OUTROS | 0,00 | 18.800,00 | 8.000,00 | 10.800,00 |
| **USUARIOS** | **26.000,00** | **296.950,00** | **294.950,00** | **28.000,00** |
| CONCELLO DE SANTIAGO | 0,00 | 155.000,00 | 155.000,00 | 0,00 |
| CONSORCIO DE SANTIAGO | 0,00 | 90.000,00 | 90.000,00 | 0,00 |
| DIPUTACIÓN DE A CORUÑA | 26.000,00 | 28.000,00 | 26.000,00 | 28.000,00 |
| DOAZÓNS | 0,00 | 1.950,00 | 1.950,00 | 0,00 |
| XUNTA DE GALICIA-CONSELLERIA CULTURA | 0,00 | 22.000,00 | 22.000,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | **26.000,00** | **317.955,20** | **303.655,20** | **40.300,00** |

O movemento do epígrafe B.III do activo do balance Usuarios e outros debedores da actividade propia durante o exercicio 2022 é o indicado a continuación:

| | Saldo inicial 2022 | (+) Entradas 2022 | (-) Saídas 2022 | Saldo final 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **ASOCIADOS E AFILIADOS** | **0,00** | **980,00** | **980,00** | **0,00** |
| **PROMOCIÓNS E COLABORACIÓNS** | **0,00** | **4.791,00** | **4.791,00** | **0,00** |
| VIAQUA | 0,00 | 3.000,00 | 3.000,00 | 0,00 |
| OUTROS | 0,00 | 1.791,00 | 1.791,00 | 0,00 |
| **USUARIOS** | **27.000,00** | **290.979,87** | **291.979,87** | **26.000,00** |
| CONCELLO DE SANTIAGO | 0,00 | 155.000,00 | 155.000,00 | 0,00 |
| CONSORCIO DE SANTIAGO | 0,00 | 90.000,00 | 90.000,00 | 0,00 |
| DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 27.000,00 | 26.000,00 | 27.000,00 | 26.000,00 |
| DOAZÓNS | 0,00 | 979,87 | 979,87 | 0,00 |
| XUNTA DE GALICIA-CONSELLERIA CULTURA | 0,00 | 19.000,00 | 19.000,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | **27.000,00** | **296.750,87** | **297.750,87** | **26.000,00** |

A Fundación subscribiu durante o exercicio 2023 os seguintes Convenios de Colaboración coas Administracións Públicas e con outras entidades para a achega de subvencións:

- *Subvención Programa FO200: da Excma. Deputación de A Coruña:*

  Obxectivo: Financiamento de actividades culturais da Fundación Eugenio Granell do ano 2023.
  Importe concedido para o exercicio 2023: 28.000,00 euros.

- *Concello de Santiago*

  Obxectivo: O cofinanciamento dos gastos de funcionamento e mantemento da Fundación E. Granell, entendendo por tales gastos tanto os derivados das diferentes actividades culturais e exposicións programadas pola fundación dentro do período obxecto do Convenio, como os necesarios para o normal funcionamento e mantemento da entidade, sempre que estes sexan destinados aos fins de carácter xeral previstos nos estatutos da Fundación.

Importe concedido para o exercicio 2023: 155.000,00 euros.

- *Consorcio da Cidade de Santiago*

  Obxectivo: O establecemento das bases de colaboración para a divulgación da obra de Eugenio Granell e a promoción de todas as manifestacións culturais que realice a Fundación E. Granell, mediante o financiamento de actividades culturais e de gastos de funcionamento da mesma.
  Importe concedido para o exercicio 2023: 90.000,00 euros.

- *Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Educación e Universidade de data 3 de marzo de 2023*

  Obxectivo: Axuda material centros museísticos Galicia: Eugenio Granell e Amparo Segarra. Conservación do seu arquivo.
  Importe concedido para o exercicio 2023: 10.000,00 euros.

- *Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Educación e Universidade de data 18 de abril de 2023*

  Obxectivo: Financiamento de actividades culturais do ano 2023:

  - *Exposición "Granell e Colmeiro. Conexións surrealistas"*
  - *Exposición "Rúa Cervantes: a arte da colaxe de David Coulter"*
  - *Actividade/Exposición "A miña peza favorita"*
  - *Actividade "Clases abertas de teatro"*

  Importe concedido para o exercicio 2023: 12.000,00 euros.

- *Doazóns procedentes de particulares.*

  Obxectivo: Financiar do gastos de funcionamento do ano 2023.
  Importe concedido para o exercicio 2023: 1.950,00 euros.

- *Convenio colaboración QUALIART.CO.LTDY Japón*

  Obxectivo: exhibir na Fundación Eugenio Granell o proxecto "Artistas Japoneses" de QUALIART en Outubro de 2024.
  Importe concedido no exercicio 2023: 18.800,00 euros. Con respecto a este convenio percibiuse un anticipo de 8.000,00€ en 2023, permanecendo o restante pendente ata a execución das actividades en 2024. A actividade financiada desenvolverase durante o exercicio 2024, polo que a totalidade da axuda imputarase no exercicio 2024.

Estas rendas están exentas do Imposto sobre Sociedades, de acordo co establecido no artigo 6.1.c da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos.

## 9. Fondos Propios

O movemento durante o exercicio 2023 e 2022 de cada unha das partidas que constitúen os Fondos Propios da Fundación é o seguinte:

| Descrición | Dotación Fundacional | Reservas | Remanente | Excedente negativo exercicios anteriores | Resultado | Total Fondos Propios |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Saldo ó inicio do exercicio 2022:** | **6.010,12** | **110.086,81** | **177.177,00** | **-145.808,13** | **-1.582,33** | **145.883,47** |
| Traspasos durante o exercicio 2022: | | | | -1.582,33 | 1.582,33 | 0,00 |
| Resultado do exercicio 2022: | | | | | -335,39 | -335,39 |
| **Saldo ó final do exercicio 2022:** | **6.010,12** | **110.086,81** | **177.177,00** | **-147.390,46** | **-335,39** | **145.548,08** |
| **Saldo ó inicio do exercicio 2023:** | **6.010,12** | **110.086,81** | **177.177,00** | **-147.390,46** | **-335,39** | **145.548,08** |
| Traspasos durante o exercicio 2023: | | | | -335,39 | 335,39 | 0,00 |
| Resultado do exercicio 2023: | | | | | -14.935,98 | -14.935,98 |
| **Saldo ó final do exercicio 2023:** | **6.010,12** | **110.086,81** | **177.177,00** | **-147.725,85** | **-14.935,98** | **130.612,10** |

A Fundación Eugenio Granell foi constituída o 21 de abril de 1995 polo Excelentísimo Concello de Santiago e por Don Eugenio Fernández Granell. Para a consecución dos fins da Fundación dotouse no momento da súa constitución un capital Fundacional de 6.010,12 euros que foi aportada integramente polo Concello de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da fundación establécese que:

- Se destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.
- Polo menos o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, unha vez que se deduzan os gastos efectuados para a súa obtención, deberanse destinar a realizar os fins fundacionais.
- O resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo o acordo adoptado polo padroado.
- Non se incluirán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias que se obteñan na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvistan en bens dotacionais.

Establécese nos estatutos que o prazo para cumprir esta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron as rendas e ingresos e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio.

## 10. Situación fiscal

Imposto sobre sociedades:

A Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos, establece un réxime tributario especial para as Fundacións que determina que na base impoñíbel do Imposto sobre Sociedades só se incluirán as rendas derivadas das explotacións económicas non exentas, sempre que resulte aplicábel o réxime fiscal especial das entidades sen fins lucrativos.

A exención no Imposto sobre Sociedades atinxirá ás rendas derivadas dos donativos e doazóns, das cotas de asociados, das subvencións, do patrimonio mobiliario e inmobiliario, de adquisicións ou transmisións de calquera natureza, de explotacións económicas exentas, e de atribucións e imputacións de rendas exentas.

Están exentas do Imposto sobre Sociedades as rendas obtidas por entidades sen fins lucrativos que procedan das seguintes explotacións económicas, sempre e cando sexan desenvolvidas en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica: a prestación de servizos de promoción e xestión da acción social; a prestación de servizos de hospitalización ou asistencia sanitaria; a investigación científica desenvolvemento tecnolóxico; a explotación dos bens de interese cultural; a organización de actuacións musicais, teatrais, cinematográficas ou circenses; a explotación de parques naturais; o ensino e formación profesional; a organización de exposicións, conferencias, coloquios, cursos ou seminarios; a elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas e folletos, material audiovisual e multimedia; a prestación de servizos de carácter deportivo; as explotacións de carácter puramente auxiliar e as de escasa relevancia.

No caso concreto da Fundación EUGENIO GRANELL, obtéñense rendas de carácter meramente auxiliar ou complementario das explotacións económicas exentas, que ascenden no exercicio 2023 a 5.044,08 euros por vendas e outros ingresos de carácter mercantil (6.737,49 euros por vendas no exercicio 2022). De acordo co artigo 7.12 da citada Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos, este importe atópase exento de tributación no imposto de sociedades ó tratarse de rendas de escasa relevancia, establecéndose en dito artigo como "escasa relevancia" aquelas explotacións económicas que no seu conxunto non superen os 20.000 euros de cifra neta de negocios.

Preséntase a continuación a conciliación entre o resultado contable e o resultado fiscal, así como a base para establecer a previsión do imposto de sociedades do exercicio.

Exercicio 2023

| CONCEPTOS | AUMENTOS | DIMINUCIÓNS | IMPORTES |
|---|---|---|---|
| Resultado contable antes de impostos | | | -14.935,98 |
| Diferenzas permanentes | | | 0,00 |
| Resultados exentos | 321.341,00 | 306.405,02 | 14.935,98 |
| **BASE IMPOÑÍBEL** | | | **0,00** |

Exercicio 2022

| CONCEPTOS | AUMENTOS | DIMINUCIÓNS | IMPORTES |
|---|---|---|---|
| Resultado contable antes de impostos | | | -335,39 |
| Diferenzas permanentes | | | 0,00 |
| Resultados exentos | 335,39 | | 335,39 |
| **BASE IMPOÑÍBEL** | | | **0,00** |

Outros saldos coa Facenda Pública son os que se indican a continuación:

| SALDOS DE ACTIVO | Ex. 2023 | Ex. 2022 |
|---|---|---|
| F.P. DEBEDORA POR IVE | 0,00 | 5,81 |
| F.P. DEBEDORA POR SUBVENCIÓNS DE CAPITAL | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL:** | **0,00** | **5,81** |

| SALDOS DE PASIVO | Ex. 2023 | Ex. 2022 |
|---|---|---|
| F.P. ACREDORA POR IVA | 194,85 | 0,00 |
| RETENCIÓNS TRABALLADORES (IRPF) | 9.372,34 | 8.563,72 |
| ORGANISMOS DA SEG. SOC | 6.138,97 | 5.500,88 |
| **TOTAL:** | **15.706,16** | **14.064,60** |

Outra información

Segundo as disposicións legais vixentes, as liquidacións de impostos non poden considerarse definitivas ata que non fosen inspeccionadas polas autoridades fiscais ou transcorrido o prazo de prescrición de catro anos. Ao 31 de decembro de 2023 a Fundación ten abertos a inspección polas autoridades fiscais todos os impostos principais que lle son aplicables, dende o exercicio 2019 no caso do imposto sobre sociedades, dende o exercicio 2020 no caso do IRPF e do IVE (imposto sobre o valor engadido) que abarcan os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023. A Fundación non espera que, en caso de inspección, xurdan pasivos adicionais de importancia.

## 11.Ingresos e gastos

### 11.1 Detalle da partida de aprovisionamentos, gastos de persoal e outros gastos de explotación da Conta de Resultados Abreviada do exercicio 2023 e 2022:

| Detalle de Conta de Resultados | Exercicio 2023 | Exercicio 2022 |
|---|---|---|
| **1. Aprovisionamentos** | **1.481,82** | **1.237,60** |
| a) Compras, netas de devolucións e "rappels" | 104,00 | 229,09 |
| b) Traballos realizados por outras empresas | 0,00 | 0,00 |
| c) Variación de existencias | 1.377,82 | 1.008,51 |
| (+) Variación existencias iniciais | *117.378,28* | *118.386,79* |
| (-) Variación existencias finais | *116.000,46* | *117.378,28* |
| **2. Gastos de persoal** | **249.592,67** | **230.736,58** |
| a) Soldos e salarios | 187.596,21 | 180.619,04 |
| b) Indemnizacións e liquidacións | 0,00 | 0,00 |
| c) Seguridade Social a cargo da empresa | 60.897,38 | 49.170,23 |
| d) Outras cargas sociais | 1.099,08 | 947,31 |
| **3. Gastos de explotación** | **66.630,59** | **73.111,38** |
| a) Servizos exteriores | 58.770,71 | 64.605,71 |
| b) Tributos | 57,05 | 640,91 |
| c) Axustes imposición IVE | 7.802,83 | 7.864,76 |
| d) Perdas por créditos comerciais incobrables | 0,00 | 0,00 |
| e) Outras perdas de xestión corrente | 0,00 | 0,00 |

A totalidade das compras reflectidas no epígrafe de "Aprovisionamentos" están destinadas á actividade, e correspóndense a compras nacionais.

Os resultados orixinados fóra da actividade normal da Fundación incluídos na partida "Outros resultados" correspondentes a gastos por importe de 96,60 euros correspóndense cunha sanción por recargo da seguridade social por unha bonificación dun seguro que non correspondía. A partida correspondente a ingresos no exercicio 2022 por importe de 2.412,13 euros, correspóndense principalmente á percepción de unha indemnización por un sinistro, e á prescrición de obrigas.

Os axustes de IVE correspondentes ó exercicio 2023, proceden da regularización no cuarto trimestre do IVE, en función da aplicación de prorrata xeral definitiva alcanzada para dito exercicio, e que supón un 2%. Os axustes de IVE correspondentes ó exercicio 2022, proceden da regularización no cuarto trimestre do IVE, en función da aplicación de prorrata xeral definitiva alcanzada para dito exercicio, e que supón un 3%.

### 11.2 Outra información

a) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións da actividade propia:

| | EXERCICIO 2023 | EXERCICIO 2022 |
|---|---|---|
| **1.- Ingresos da entidade pola actividade** | **299.875,20** | **301.424,01** |
| *a) Cotas de usuarios e afiliados* | *705,20* | *980,00* |
| *c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións* | *1.800,00* | *4.791,00* |
| *d) Subvencións, doazóns e legados imputados a resultados do exercicio* | *297.370,00* | *295.653,01* |
| **11.- Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados a rtdos do ex.** | **1.485,74** | **1.267,09** |
| *a1) Imputación Consellería de Cultura* | *282,68* | *64,03* |
| *a2) Imputación subvención IGAPE* | *1.203,06* | *1.203,06* |
| **TOTAL 1+11** | **301.360,94** | **302.691,10** |

As partidas de maior importancia incluídas neste epígrafe son as seguintes:

| | EXERCICIO 2023 | EXERCICIO 2022 |
|---|---|---|
| *Cotas de asociados e afiliados:* | **705,20** | **980,00** |
| - COTAS DE AFILIADOS | 705,20 | 980,00 |
| *Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións* | **1.800,00** | **4.791,00** |
| - ENTRADAS TALLERES DIDÁCTICOS | 0,00 | 270,00 |
| - ENTRADAS CENTROS ESCOLARES | 25,00 | 0,00 |
| - INGRESOS POR VISITAS | 1.775,00 | 1.521,00 |
| - VIAQUA | 0,00 | 3.000,00 |
| *Subvencións, doazóns e legados imputados a resultados do exercicio* | **297.370,00** | **295.653,01** |
| - CONCELLO DE SANTIAGO | 155.000,00 | 155.000,00 |
| - CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO | 90.000,00 | 90.000,00 |
| - DEPUTACIÓN DE A CORUÑA | 28.000,00 | 26.000,00 |
| - XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE CULTURA | 22.000,00 | 16.173,14 |
| - DOAZÓNS | 1.950,00 | 979,87 |
| - MONDRIAN FONDS | 0,00 | 7.500,00 |
| - BONIFICACIÓN FORMACIÓN | 420,00 | 0,00 |
| *Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados a rsdos do ex.* | **1.485,74** | **1.267,09** |
| - DOAZÓNS IMPUTADAS AO RESULTADO | 1.485,74 | 1.267,09 |
| **TOTAL XERAL** | **301.360,94** | **302.691,10** |

b) Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil.

O importe neto da cifra de negocios correspondente ás actividades ordinarias de carácter mercantil da entidade, durante o exercicio 2023 foi de 1.909,74 €, e durante o exercicio 2022 foi de 2.543,42 €. Por outra parte, no exercicio 2023 tamén se obtiveron outros ingresos por importe 3.134,34 euros e no exercicio 2022 por importe de 4.194,07 euros.

O detalle das vendas resúmese no seguinte cadro:

| Concepto | Exercicio 2023 | Exercicio 2022 |
|---|---|---|
| Venda de artigos de promoción e accesorios | 1.909,74 | 2.543,42 |
| **Total:** | **1.909,74** | **2.543,42** |

c) Outros ingresos da actividade:

| Concepto | Exercicio 2023 | Exercicio 2022 |
|---|---|---|
| Outros ingresos | 3.134,34 | 4.194,07 |
| **Total:** | **3.134,34** | **4.194,07** |

## 12. Subvencións, doazóns e legados

A continuación amosase a información sobre o importe e características das subvencións, doazóns e legados recibidas que aparecen nas partidas correspondentes do Balance e da Conta de Resultados.

Todas elas están vencelladas coa actividade propia da Fundación. As doazóns obtivéronse de particulares, e as subvencións obtivéronse da Administración Local, Deputación Provincial e Administración Autonómica, e doutras entidades. Cumpríronse tódalas condicións asociadas ás subvencións.

| | CONTA CONTABLE 130 A 131; DOAZÓNS E LEGADOS | SUBV. CAPITAL | DOAZÓNS OBRAS DE ARTE | DEREITOS USUFRUTO OBRAS DE ARTE | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| **A)** | **SALDO AO INICIO DO EXERCICIO 2022 (*)** | **3.609,18** | **14.494.516,00** | **1.032.200,00** | **15.530.325,18** |
| | (+) Alta subvención | 2.826,86 | 0,00 | 0,00 | 2.826,86 |
| | (-) Imputacións a resultados e devolucións | 1.267,09 | 0,00 | 0,00 | 1.267,09 |
| **B)** | **SALDO AO PECHE DO EXERCICIO 2022 (*)** | **5.168,95** | **14.494.516,00** | **1.032.200,00** | **15.531.884,95** |
| **C)** | **SALDO AO INICIO DO EXERCICIO 2023** | **5.168,95** | **14.494.516,00** | **1.032.200,00** | **15.531.884,95** |
| | (+) Alta subvención | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | (-) Imputacións a resultados e devolucións | 1.485,74 | 0,00 | 0,00 | 1.485,74 |
| **D)** | **SALDO AO PECHE DO EXERCICIO 2023** | **3.683,21** | **14.494.516,00** | **1.032.200,00** | **15.530.399,21** |

(*) Cifras do exercicio 2022 reexpresadas ver nota 2.h).

A Fundación ven cumprindo cos requisitos legais esixidos para a obtención e mantemento de tales subvencións, doazóns e legados.

- ***Subvencións de capital:*** O detalle das subvencións de capital e o seguinte:

| Bens de inmobilizado financiado | Importe concedido | Ano | Entidade concesora | Saldo ao 31/12/21 | Imputac. resultado 2022 | Saldo ao 31/12/22 | Altas 2023 | Imputac. resultado 2023 | Saldo ao 31/12/23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Equipos e programas informáticos | 5.804,18 | 2020 | IGAPE | 3.609,18 | 1.203,06 | 2.406,12 | 0,00 | 1.203,06 | 1.203,06 |
| Mobiliario | 2.826,86 | 2022 | Consellería de Cultura e Turismo | 0,00 | 64,03 | 2.762,83 | 0,00 | 282,68 | 2.480,15 |
| | | | **Totais** | **3.609,18** | **1.267,09** | **5.168,95** | **0,00** | **1.485,74** | **3.683,21** |

- ***Doazóns obras de arte:*** Correspóndense coas doazóns de obras de arte de varios artistas:

| Tipo de Doazón | Ano | Doante | Saldo ao 31/12/2023 | Saldo ao 31/12/2022 |
|---|---|---|---|---|
| Fondos artísticos | 2007 e anteriores | E. Granell | 14.333.689,00 | 14.333.689,00 |
| Fondos artísticos | 2009 | Varios autores | 132.950,00 | 132.950,00 |
| Fondos artísticos | 2010 | Varios autores | 9.500,00 | 9.500,00 |
| Fondos artísticos | 2011 | Varios autores | 8.000,00 | 8.000,00 |
| Fondos artísticos | 2012 | Varios autores | 500,00 | 500,00 |
| Fondos artísticos | 2015 | Varios autores | 9.877,00 | 9.877,00 |
| | | **Totais** | **14.494.516,00** | **14.494.516,00** |

- ***Obras de arte recibidas en usufruto por tempo indefinido:*** Correspóndense coa valoración das obras de arte correspondente á obra de Philip West, que foron recibidas en usufruto por tempo indefinido:

| Tipo de Doazón | Ano | Doante | Saldo ao 31-12-2023 | Saldo ao 31-12-2022 |
|---|---|---|---|---|
| Usufruto fondos artísticos | 1997 | Philip West | 1.032.200,00 | 1.032.200,00 |
| | | **Totais** | **1.032.200,00** | **1.032.200,00** |

## 13. Actividade da entidade. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios. Gastos de administración

**13.1 Actividades realizadas pola entidade:** A Fundación realiza unha única actividade, a cal se indica a continuación:

A) Identificación**.**

| | |
|---|---|
| **Denominación da actividade** | **CULTURAIS** |
| **Tipo de actividade** | **PROPIAS** |
| **Identificación da actividade por sectores** | **POBOACIÓN EN XERAL A01** |
| **Lugar de desenvolvemento da actividade** | **INTERNACIONAL** |

## Descrición detallada da actividade realizada.

Actividades expositivas, culturais didácticas e outras, así como a participación en actividades programadas por outras entidades a nivel nacional e internacional.

## B) Recursos humanos empregados na actividade.

| Tipo | Número | | Nº de horas / ano aproximado /promedio por persoa | |
|---|---|---|---|---|
| | Previsto | Realizado | Previsto | Realizado |
| Persoal asalariado | 6 | 6 | 1.693 | 1.693 |
| Persoal voluntario y en prácticas | 10 | 5 | 1.200 | 817,50 |

## C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

| Tipo | Número | |
|---|---|---|
| | Previsto | Realizado |
| Poboación en xeral (*) | 100.000 | 41.808 |

(*) Inclúense visitas á páxina Web e consultas ao catálogo da Biblioteca.

## D) Recursos económicos empregados na actividade.

| Gastos / Investimentos | Importe | |
|---|---|---|
| | Previsto | Realizado |
| Gastos de persoal | 237.332,64 | 249.592,67 |
| Outros gastos da actividade (incluídos gastos explotación) | 65.367,36 | 68.209,01 |
| Amortización do inmobilizado | 2.500,00 | 3.377,53 |
| Gastos financeiros | 2.500,00 | 161,79 |
| **Subtotal gastos** | **307.700,00** | **321.341,00** |
| Investimentos (agás bens patrimonio histórico) | 0,00 | 124,79 |
| **Subtotal recursos** | **0,00** | **124,79** |
| **TOTAL** | **307.700,00** | **321.465,79** |

## E) Obxectivos e indicadores da actividade.

| Obxectivo | Indicador | Cuantificación | |
|---|---|---|---|
| | | Previsto | Realizado |
| Actividade expositiva, didáctica e cultural. | Número de visitas (inclúense visitas á páxina web e consultas ao catálogo da biblioteca) | 100.000 | 41.808 |

## 13.2 Recursos económicos totais empregados pola entidade.

| GASTOS / INVESTIMENTOS | Total actividade cultural | Non imputados ás actividades | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Gastos de persoal | 249.592,67 | 0,00 | 249.592,67 |
| Outros gastos da actividade | 68.209,01 | 0,00 | 68.209,01 |
| Amortización do inmobilizado | 3.377,53 | 0,00 | 3.377,53 |
| Gastos financeiros | 161,79 | 0,00 | 161,79 |
| **Subtotal gastos** | **321.341,00** | **0,00** | **321.341,00** |
| Investimentos (agás bens patrimonio histórico) | 124,79 | 0,00 | 124,79 |
| **Subtotal investimentos** | **124,79** | **0,00** | **124,79** |
| **TOTAL RECURSOS EMPREGADOS** | **321.465,79** | **0,00** | **321.465,79** |

## 13.3 Recursos económicos totais obtidos pola entidade.

A. Ingresos obtidos pola entidade

| INGRESOS | Previsto | Realizado |
|---|---|---|
| Vendas e outros ingresos das actividades mercantís | 2.800,00 | 1.909,74 |
| Subvencións do sector público (inclúese subvenc. á actividade) | 294.000,00 | 295.420,00 |
| Outros ingresos (usuarios e afiliados, subvencións imputadas ao resultado, ingresos por colaboracións, ingresos por alugueres) | 10.900,00 | 7.125,28 |
| Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio | 0,00 | 0,00 |
| Importe de achegas privadas | 0,00 | 1.950,00 |
| **TOTAL RECURSOS OBTIDOS** | **307.700,00** | **306.405,02** |

B. Outros recursos económicos obtidos pola entidade

| OUTROS RECURSOS | Previsto | Realizado |
|---|---|---|
| Débedas contraídas | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL OUTROS RECURSOS OBTIDOS** | **0,00** | **0,00** |

## 13.4 Convenios de colaboración con outras entidades

O apartado 1 do artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, sinala:

> *"Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta Lei, aquel por o cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades".*

| Descrición | Ingresos | Gastos | Non produce corrente de bens e servizos |
|---|---|---|---|
| Convenio de colaboración coa XUNTA DE GALICIA-Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para as seguintes exposición: Exposición "Granell e Colmeiro. Conexións surrealistas", Exposición "Rúa Cervantes: a arte da colaxe de David Coulter", Actividade/Exposición "A miña peza favorita", Actividade "Clases abertas de teatro" | | | X |
| Convenio de colaboración con QUALIART CO JAPÓN para exhibir en fundación Eugenio Granell a exposición "Artistas xaponeses" (título provisional) desde o día 9 de outubro ata o 22 de outubro de 2024, comisariada conxuntamente por ambas as entidades | | | X |

### 13.5 Liquidación do orzamento 2023

O orzamento da Fundación Eugenio Granell, correspondente ao exercicio 2023 elaborouse seguindo o criterio de devengo e de rexistro segundo establece o Real Decreto Lei 1491/2011, de 24 de Outubro polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.

